



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citro

# CALENDARIO 2010

Vigo, 17 de Decembro de 2009

O calendario vén sendo ese documento do que dispoñemos os traballadores/as que determina durante un ano a nosa vida laboral e social, por iso, cando se afronta a negociación ámbolos intereses deben ser tidos en conta.

No ano 2009 e cunhas previsións produtivas de 298.000 vehículos, a C.I.G. dende a responsabilidade, e consciente da incertidume en que nos meteron os especuladores da economía, compartimos o ter que afrontar un calendario fluctuante. Compromisos que implicando sacrificios, non representasen perda de dereitos, por iso non asinamos no seu momento o documento do "**Acordo Marco Laboral**" que contempla entre outras cousas a flexibilidade horaria.

Dicir agora, que a situación 2010 é similar a prevista no seu día para o 2009, simplemente é faltar a verdade. Vexamos:

|                     | 2009    | 2010    |       |
|---------------------|---------|---------|-------|
| Producción Prevista | 298.000 | 350.000 | + 18% |

**Emprego.**- Neste ano 2009, entre Baixas Voluntarias, algúns que estaban descontando a Xubilación Parcial, Invalideces e os 300 do ERE, estamos a falar de máis de 600 contratos de 8 horas que se perderon na Planta este ano.

Estas cifras revelan por unha banda que a produción prevista sendo sensiblemente maior contamos con 600 traballadores/as de 8 horas menos. Dende a C.I.G. estas son as razóns que avalan as súas peticións : **4 semanas de vacacións e un 1 día de disfrute individual, así como estabilidade trimestral sobre os días de adecuación.**

A Dirección prefire un calendario ambiguo para ter as mans libres, e así afrontar os desequilibrios que se dan entre os dous Sistemas con medidas de flexibilidade a cargo dos traballadores/as, en vez de equilibrar as producións, con mecanismos organizativos.

Unha vez que o calendario borrador que xa todos coñecedes foi avalado pola maioría do Comité (FSI, UGT), en síntese quedaría:

**Calendario.**- confirmable mensualmente

**Días de disfrute individual.**- Pasan a colectivos o 11 de Outubro e 7 de Decembro.

**Vacacións.**- Do 2 o 22 de agosto, e do 23 o 31 de Decembro. Para o Sistema II prevese solapar en agosto unha semana de adecuación. Non se contempla a compensación económica en caso de fraccionamento das 4 semanas.

**Bolsa de Horas.**- Recóselle o compromiso de modificar o documento de Bolsa de Horas.

**Flexibilidade.**- Acordan acudir o mesmo esquema de funcionamento acordado polas partes no 2009.

Por estes motivos fundamentais, a C.I.G. non asinou este Calendario 2010, o que nos obriga a manter unha actitude vixiante, para evitar que unha vez máis os traballadores/as carguen con toda unha responsabilidade que debera ser compartida.

## Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com